

MANUAL DE USUARIO

4º de primaria

Detectives polo mundo.



PROPOSTA DE TRABAJO
GLOBALIZADO PARA AS ÁREAS
DE LG, CS, CN E MT.

Licencia de formación 2021-2022

2º trimestre

Autoras: Cristina Cuervo Soto

Matilde Dieste Velázquez

ÍNDICE:

➤ Descripción da actividades.

1.- Comeza a aventura.

1.1.- En que lugar nos atopamos?

1.2.- Aprendemos sobre o camiño.

1.3.- Practicamos o aprendido.

1.4.- Ponte a proba.

1.5.- Autoavaliación.

1.6.- Reto final: Na procura da Compostela.

➤ Pautas de utilización do material.

➤ **Descrición da actividades.**

Ao longo da ODE o alumnado terá que realizar as seguintes actividades:

1. Comeza a aventura: lectura do conto de presentación dos personaxes da saga <<Detectives polo mundo>>.

1.1.- En que lugar nos atopamos?: Información de inicio da aventura (trátase dunha actividade de motivación)

1.2.- Aprendemos sobre o Camiño:

- Bloque 1: lectura de información sobre o Camiño de Santiago e visionado do vídeo da guía turística.
- Bloque 2: Para saber máis, consultamos un pdf sobre as vilas do Camiño de Santiago en Galicia e accedemos á páxina www.caminodesantiago.gal
- Bloque 3: Actividade iDevice de opción múltiple sobre as lecturas anteriores.

1.3.- Practicamos o aprendido:

- Traballo con Aldara: primeiro realizárase unha lectura con información sobre o Camiño francés e despois realización dunha ficha de cálculo sobre a información do Camiño.
- Traballo con Xiana: En primeiro lugar realizárase unha lectura comprensiva sobre os artigos recomendables para a mochila do peregrino, despois unha lectura do conto <<Imos prepararnos para facer o Camiño>> e finalmente unha ficha de cálculo.
- Traballo con Mauro: Lectura con información da localidade de Melide, lectura de información sobre a ferverza do río Furelos e realización de actividades realizadas sobre pdf editables e que requiren un traballo previo de investigación. Actividade iDevice de completar ocos e arquivos adxuntos con información complementaria sobre os animais.
- Traballa con Antón: A primeira actividade consiste na lectura dun libro sobre a cuncha do peregrino (contén pictogramas), a continuación lectura da lenda do mito da Traslatio, realización dun xogo de adiviñas de vocabulario e un iDevice de completar ocos sobre a lenda.

1.4.- Ponte a proba:


- Ponte a proba con Aldara: realización da actividade de vídeo interactivo sobre a guía turística.
- Ponte a proba con Xiana: realización de fichas matemáticas sobre o camiño.
- Ponte a proba con Mauro: xogo de preguntas sobre os animais do río Furelos.
- Ponte a proba con Antón: realización dun glosario con termos do Camiño de Santiago guiándose polo exemplo do libro de Antón

1.5.- Autoavaliación: realización da actividade de rúbrica completando a táboa.



1.6.- Reto final: Na procura da Compostela. Consiste na realización de 6 retos para obter os selos necesario para conseguir a Compostela. Esta actividade, montada en Genially consta de probas de preguntas, de cálculo, vocabulario, ...

➤ *Pautas de utilización do material.*

A estrutura do material é moi parecida á de páxinas web onde se navega a través dun menú polas diferentes páxinas que a compoñen. Neste caso, para moverte polas diferentes follas do material podes utilizar dúas opcións. Por un lado podes premer enriba do título da páxina a que queiras acceder e por outro, podes usar as frechas que aparecen na esquina superior dereita ou ao final da folla. Neste último caso a navegación será secuencial, é dicir coma nun libro, irás pasando follas de unha en unha cara adiante ou cara atrás.




1. Comeza a aventura: para ler o conto de presentación dos personaxes da saga <<Detectives polo mundo>> hai que premer enriba da imaxe. Ao facer isto, abrírase o conto nunha lapela nova.



Preme novamente enriba do botón <<Leer ahora>>.

Podes pasar as follas do conto premendo das frechas que hai nos bordes das páxinas.




1.1.- En que lugar nos atopamos?: Información de inicio da aventura (trátase dunha actividade de motivación). Esta páxina non ten interactividade, so se pode ler e pasar á seguinte.

1.2.- Aprendemos sobre o Camiño:

- Bloque 1: lectura de información sobre o Camiño de Santiago e visionado do vídeo da guía turística. Para poder acceder tanto ao plano de Santiago de Compostela como para ver o vídeo, faremolo premendo enriba de cada unha das imaxes. Para ver o vídeo máis grande, unha vez comezada a reprodución podemos premer na icona de pantalla completa.



○ Bloque 2: neste bloque temos a opción de premer en dous enlaces. O primeiro ábreunos un pdf con información de diferentes vilas galegas polas que pasa o Camiño e no segundo accedemos á páxina www.caminodesantiago.gal



○ Bloque 3: neste bloque aparecen preguntas de comprensión da información anterior. escollendo unha das opcións xa nos corrixe e nos di si a resposta é correcta ou incorrecta.

Canto mide a catedral de Santiago de Compostela?

☒ Suxestión

☐ 94 m de lonxitude e 63 de ancho.

☐ 96 m de lonxitude e 68 de ancho.

☐ 90 m de lonxitude e 60 de ancho.

Correcto

Ademais premendo enriba de <<Suxestión>> danos pistas sobre onde atopar a información para responder correctamente.

1.3.- Practicamos o aprendido:

Ese bloque de actividades está pensado para que traballedes en grupo e vos axudeades uns aos outros. A páxina principal permite premer enriba de cada un dos personaxes e acceder á información de cada un deles.



Traballo con Aldara: Nesta páxina despois de ler a información que se nos dá, teremos que coller o caderno para facer operacións. Unha vez resolta a tarefa en papel, pasaranse os resultados á páxina de liveworksheets.

Axuda a Aldara e ao seu equipo :

O primeiro é decidir o medio de transporte a utilizar. Cantos km tes que facer para conseguir a Compostela en bici? E andando?





Nestes cadros
escríbese enriba o
resultado


Se fixeramos todas as etapas do camiño desde Galicia. Cantos km fariamos?

Chéganos para conseguir a Compostela facendo o camiño en bici?

Nestes cadros con
frecha, prémese
enriba dela para
despregar as opción e
escoller a resposta
correcta

Se o queremos facer andando, en que lugar empezariamos?

Ao premer no botón <<Terminar>> danos dúas opcións, comprobar a resposta e enviar ao profesor/a. A opción enviar ao profesor/a precisa que este/a estea rexistrado previamente na páxina e vos de unha dirección de correo electrónico. Coa opción <<Comproba a resposta>> poderás ver en que fallaches e onde acertaches pero despois diso non se poderá enviar a ficha. Si optas por ver os resultados podes imprimir a ficha pulsando CONTROL +P e gardala no teu cartafol.




Se prefires traballar sen conexión a internet, podes descargar e cubrir a mesma ficha cun pdf editable (escribes directamente nel e o gardas unha vez cuberto)

○ **Traballo con Xiana:** En primeiro lugar realizarase unha lectura comprensiva sobre os artigos recomendables para a mochila do peregrino, despois unha lectura do conto <<Imos prepararnos para facer o Camiño>> e finalmente unha ficha de cálculo.

Para ler o conto, preme enriba do da opción de lectura que prefiras.



Se escolles ler online aparecerá esta páxina coa portada e terás que premer en <<Leer ahora>>



Unha vez feito todo isto, cubre a ficha escribindo sobre os recadros. Recorda que terás que usar o teu caderno para realizar a tarefa e logo pasar os resultados á ficha. Unha vez rematada preme no botón <<Finalizar>>

Si as catro mochilas pesaran 16000gramos, saberías dicirme cuanto pesa cada mochila en gramos y en quilogramos?

gramos

quilogramos

Para reducir un pouco o peso, decidiron levar só un maletín de primeiros auxilios. Así que tres dos nenos levarán menos peso na súa mochila. Canto pesarán as mochilas dos tres amigos?

Finalizar

Escolle se queres comprobar as respostas ou enviar a ficha ao teu mestre/a premendo na opción que desexes e logo dálle a <<Finalizar>> novamente.

Finalizar ficha

☒ Comprobar respuestas

☐ Enviar respuestas al profesor

Finalizar

Acidémalo agora e faze uns pequenos calculos

0.8 / 10

PREPAREMOS A MOCHILA


Cada un dos nosos amigos vai preparar a súa mochila pero ten que calcular o peso máximo que pode cargar sen pasarse, imos axudarlle.

PRODUTO	PESO (gramos)
Mochila	1350
Desembaraxe para	700

Descargar resultados como pdf

Se escolles comprobar as respostas, recorda que despois non poderás enviala, terás que volver cubrila. Si optas por ver os resultados podes imprimir a ficha pulsando en descargar como pdf.

○ **Traballo con Mauro:** Na páxina de Mauro tes que ler con atención a información que che da. Se queres saber máis sobre a localidade de Melide, podes premer sobre o bocadoillo que se abre ao pasar o rato enriba do nome do lugar. Despois, terás que coller o teu caderno, ver os esquemas que aparecen máis abaixo (premendo enriba de cada un deles abrirá os documentos) e investigar para poder responder as preguntas de Mauro.



A continuación abre os cadernos de campo de cada un dos nenos e nenas pulsando sobre a imaxe deles. Abrirase un PDF editable que poderás completar e descargar unha vez cuberto.



Botón de
descarga

Preme enriba
e completa

A última actividade de investigación consiste en buscar os datos para completar o texto. A actividade axúdache a saber si acertas. A medida que escribes no recadro este poñerase vermello si estas errado/a ou verde si acertas.

Investiga un pouco:

Busca información en Internet sobre o río Furelos e outros ríos do Camiño Francés. Logo completa o texto cos nomes dos ríos. Ten en conta as regras de ortografía.

O río Furelos que fomos visitar é un afluente do río . Ademais deste río no noso percorrido polo Camiño Francés desde Sarria, tamén cruzamos o río .

Ver a puntuación Mostrar retroacción Mostrar/Limpar respostas

○ **Traballa con Antón:** A primeira actividade consiste na lectura dun libro sobre a cuncha do peregrino (contén pictogramas). Neste caso tamén podemos escoller entre ler o libro en pdf ou en liña. Para acceder a cada un deles prememos enriba do título do libro.



No caso da lectura en liña, como en casos anteriores abrírase unha lapela e premeremos en <<Leer ahora>>

Para pasar as follas do libro iremos premendo nas frechas que atopamos aos lados do libro.





Nesta ocasión o libro ten dous modos de lectura. Na páxina da esquerda lese a historia coma nun libro convencional e na páxina da dereita a mesma información (máis resumida) mediante pictogramas.


A continuación aparece unha imaxe coa lenda do Traslatio para ler e logo unha actividade de adiviñar a palabra. Para xogar preme enriba de <<Pulsa aquí para jugar>>




Unha vez dentro do xogo, hai que ler a definición e adiviñar con que palabra do texto do mito de Traslatio se relaciona. Hai que escribila na barra que hai na parte de abaixo tendo moi en conta as regras de ortografía.

1.4.- Ponte a proba:

Nesta páxina premendo enriba de cada un dos nenos/as podemos ir directamente ás probas que nos propoñen.



- **Ponte a proba con Aldara:** Nesta lapela aparece un vídeo interactivo que hai que ver moi atento/a e ir contestando as preguntas que aparecen na pantalla.



Preme na resposta correcta e despois en <<Comprobar>> Se non contestas á pregunta non poderás seguir vendo o vídeo. Poderás ver un resumo do resultados das túas respostas premendo na frecha que hai xunto a <<Resultados>>

- **Ponte a proba con Xiana:** Comeza dando información e pedindo que se busque no dicionario da Real Academia Galega a definición de <<latitude>>.

Ponte a proba con Xiana.

LATITUDE : esta palabra témola que buscar no dicionario, vós sabedes que significa?

Pinchade no seguinte enlace para descubrir o que é <https://academia.gal/dicionario/?termo/busca/latitude>

Coa axuda destas imáxes ponte a proba e acerta as seguintes preguntas.

Distancia das etapas en km:

- ✓ O Cebreiro-Trasmonte 23,8 km.
- ✓ Trasmonte-Sarria 18 km.
- ✓ Sarria-Portomarin 22,2 km.
- ✓ Portomarin-Palos de Rei 25 km.
- ✓ Palos de Rei-Melide 14,6 km.
- ✓ Melide-Arcos 14,4 km.
- ✓ Arcos-Arcos (O Pino) 18,4 km.
- ✓ Arcos (O Pino)-Santiago de Compostela 20 km.

Preme na libreta para descargar a ficha e contestar as preguntas. Garda a ficha no teu cartafol da ODE.

by Kon- Vector Spiral Notebook icon (CC BY)

Presentación de PowerPoint - camino_frances_editable.pdf - Mozilla ...

localhost:51135/2022-01-21_ODE_CAMINO_SANTIAGO/ovives

1 de 1

Tamaño automático

Que etapa realice de noso amigos se recorren 22,2 quilómetros nun día?


Hoxe va levar percorrido 52 quilómetros para rematar 113,8 quilómetros para rematar esta etapa. De que etapa se trata?

Cal é a etapa do Camiño Francés con máis quilómetros?

Non váis etapas neste Camiño que se se diferencian en 200 metros. Calles vós se son?

Botón de descarga.

Seguiremos o mesmo proceso para cubrir a ficha sobre altitude.



- **Ponte a proba con Mauro:** proponvos un xogo de preguntas sobre os animais do río Furelos. Para comezar so hai que premer sobre o botón <<Empezar>>



Unha vez comezamos o xogo, empezan a saír preguntas na pantalla que temos que ir respondendo escollendo a opción axeitada. Desta maneira con cada resposta correcta que atopedes aparecerá un novo animal xunto a Mauro. En caso de coller escoller unha reposta incorrecta aparecerá unha mensaxe e nos deixará intentalo de novo.



O xogo remata cando todos os animais aparecen xunto a Mauro. Nese momento poderemos escoller volver a xogar desde o principio premendo no botón con forma de casa.



○ **Ponte a proba con Antón:** Para comezar a traballar con Antón tense que ver un vídeo. Para acceder a el preme enriba do debuxo dos altosfalantes e abrírase nunha lapela nova unha páxina web.




Preme enriba
para abrir o vídeo




Preme enriba
para ver o vídeo

Despois de ver o vídeo imos ler o caderno de Antón onde está o dicionario do Camiño. Premendo enriba da imaxe abrírase o pdf. Temos tamén o enlace á páxina do dicionario da Real Academia da Lingua Galega, para completar a tarefa que se propón.



Premendo na imaxe do caderno aberto abrírase un pdf editable no que escribir as palabras e a súas definicións. Hai que escribir unha palabra en cada rectángulo (3 por folla). Unha vez cuberta a actividade, descárgase á carpeta da ODE que cada alumno/a ten que ter no seu ordenador.



1.5.- Autoavaliación: realización da actividade de rúbrica completando a táboa.

Nesta folla so hai que premer no botón aplicar para poder cubrir a táboa.

Rúbrica

Táboa de autoavaliación

Indicadores de autoavaliación	Escóllese se o fas...	Escóllese se o fas...	Escóllese se o fas...	Escóllese se o fas...
1 Respecto a opinión dos demais e aporte ideas para o traballo en grupo. (2)	Sempre (2)	Moitas veces (1.5)	Poucas veces (0.5)	Nunca (0)
2 Son responsable do meu traballo e remato as tarefas que se me propoñen. (2)	Sempre (2)	Moitas veces (1.5)	Poucas veces (0.5)	Nunca (0)
3 Son capaz de realizar as tarefas sen axuda. (2)	Sempre (2)	Moitas veces (1.5)	Poucas veces (0.5)	Nunca (0)
4 Presto a miña axuda aos compañeiros/as que a precisan. (2)	Sempre (2)	Moitas veces (1.5)	Poucas veces (0.5)	Nunca (0)
5 Esfórzome na realización e presentación das tarefas. (2)	Sempre (2)	Moitas veces (1.5)	Poucas veces (0.5)	Nunca (0)

Premendo sobre as liñas pódese escribir e completar os datos de actividade, data e nome.

Para cada un dos indicadores hai que escoller a opción que máis se axuste a un/unha mesmo/a. A medida que se vai seleccionando (premendo sobre o cadrado) vanse sumando automaticamente os puntos obtidos na autoavaliación.

Unha vez cuberto prémese en imprimir e escóllese unha impresora pdf que se teña instalada no ordenador.

Reiniciar Imprimir

Actividade: O Camiño de Santiago Data: _____

Nome: _____ Puntuación: 2

Táboa de autoavaliación

Indicadores de autoavaliación	Escóllese se o fas...	Escóllese se o fas...	Escóllese se o fas...	Escóllese se o fas...
1 Respecto a opinión dos demais e aporte ideas para o traballo en grupo. (2)	Sempre (2) ☐	Moitas veces (1.5) ☒	Poucas veces (0.5) ☐	Nunca (0) ☐
2 Son responsable do meu traballo e remato as tarefas que se me propoñen. (2)	Sempre (2) ☐	Moitas veces (1.5) ☐	Poucas veces (0.5) ☐	Nunca (0) ☐
3 Son capaz de realizar as tarefas sen axuda. (2)	Sempre (2) ☐	Moitas veces (1.5) ☐	Poucas veces (0.5) ☐	Nunca (0) ☐
4 Presto a miña axuda aos compañeiros/as que a precisan. (2)	Sempre (2) ☐	Moitas veces (1.5) ☐	Poucas veces (0.5) ☐	Nunca (0) ☐
5 Esfórzome na realización e presentación das tarefas. (2)	Sempre (2) ☐	Moitas veces (1.5) ☐	Poucas veces (0.5) ☐	Nunca (0) ☐

Opción escollida

Puntuación obtida.

1.6.- Reto final: Na procura da Compostela. Consiste na realización de 6 retos para obter os selos necesario para conseguir a Compostela. Esta actividade, montada en Genially consta de probas de preguntas, de cálculo, vocabulario, ... Premendo en cada reto podes ir conseguindo os teus selos para a credencial.

- RETO 1: Boom camiño matemático



Para comezar o reto prememos na bomba e aparecerá a primeira pregunta. Le con moita atención a pregunta e preme na opción correcta.



Despois de premer na resposta poden pasar dúas cousas: que sexa correcta ou incorrecta. Si é correcta a bomba quedará neutralizada e deben premer en <<seguinte bomba>> para continuar o reto. Si é incorrecta darache outra oportunidade para intentalo outra vez.



Unha vez que chegues a neutralizar todas as bombas recibirás os teus selos para conseguir a túa Compostela do Camiño. Tamén poderás volver ao inicio e comezar o xogo de novo.



Preme enriba de <<Selos credencial>> para ir á páxina de descarga dos selos. Unha vez nela preme co botón dereito do rato enriba dela e busca a opción <<Guardar imagen como>> e gárdao no cartafol do teu ordenador.



Preme co botón dereito do rato



Descarga

○ RETO 2: QUITZ Camiño de Santiago



Prememos en empezar e comeza o xogo de preguntas. Le con moita atención a pregunta e elixe a resposta correcta premendo enriba.



Por cada resposta correcta vas acumulando puntos , o obxectivo do xogo e conseguir os 50.000 puntos para obter os selos para a túa credencial. Cando premes na resposta poden pasar dúas cousas: si acertas irás a seguinte fase pero si cometes un erro poderás volver a intentalo.



Cando consigas os 50.000 puntos darache os dous selos para a túa credencial. Con estes selos terás que seguir os mesmos pasos que no RETO 1 : primeiro accede á páxina de descarga dos selos. Despois preme sobre a imaxe co botón dereito do rato, escolle a opción de gardar como e descárgaos no teu ordenador.



- RETO 3: Sopa de letras galegas



Neste reto imos recordar un pouco de vocabulario e comprobar si sodes capaces de atopalo nunha sopa de letras. Para realizar este reto ao empezar, debemos coller na parte superior dereita un lapis para rodear as palabras que buscamos. Unha vez atopemos as palabras pasamos a páxina seguinte.



Unha vez seleccionado o lapis podes escoller a cor coa que pintar, o grosor da liña e tamén borrar.




Collemos o lapis, eliximos unha cor e rodeamos a palabra que temos que buscar. Unha vez acabamos prememos o botón de seguinte. Cando rematemos a sopa de letras conseguiremos outros dous selos para a nosa credencial. Para obter os selos seguiremos os mesmos pasos que no RETO 1 : primeiro accede á páxina de descarga dos selos. Despois preme sobre a imaxe co botón dereito do rato, escolle a opción de gardar como e descárgaos no teu ordenador.



○ RETO 4: A diana do peregrino




Para iniciar o reto preme na pestana de EMPEZAR; o xogo consiste en ir acertando dianas dando a resposta correcta a pregunta que aparece en cada pantalla.



Le con moita atención a pregunta e elixe a resposta correcta. Unha vez que premes na opción poden pasar dúas cousas: si acertas darache a noraboa e terás que premer na lapela de seguinte pregunta, e si erras darache a opción de intentalo outra vez premendo na lapela.



Unha vez que fagas todas as dianas poderás conseguir outros dous selos para a túa credencial. Para obter os selos seguimos os mesmos pasos que no RETO 1 : primeiro accede á páxina de descarga dos selos. Despois preme sobre a imaxe co botón dereito do rato, escolle a opción de gardar como e descárgaos no teu ordenador.



- RETO 5: Descubre o mito




Para iniciar o reto preme na pestana de EMPEZAR; o xogo consiste en ir acertando as preguntas do trivial sobre o Mito que aparece no exelearning .




Si a resposta é correcta aparecerá a páxina da reposta dándoches os datos de onde aparece a solución no Mito, si a resposta e incorrecta darache outra oportunidade para contestar.






No rectángulo branco é onde tes que ir escribindo as palabras que che pide, unha vez escrita premes en <<arriesgar>> e dirache si é correcta ou non. Si é correcta a letra porase en verde e pasará automaticamente a seguinte letra. Si erras tes tres intentos para probar, si aínda así non das coa resposta correcta a letra poñerase vermella e saltará a seguinte letra.

Si non estás seguro da resposta e queres deixala para máis tarde so tes que premer en pasapalabra e saltará a seguinte letra deixando esa para máis tarde.



Unha vez que remates todo o rosco do pasapalabra xa poderás avanzar a recoller os dous últimos selos que che faltan. Para ter os selos facemos igual que nos outros retos: premer co botón dereito do rato enriba da imaxe e darlle a opción <<guardar imagen como>>.



Con todos os selos dos retos xa terías completa a túa credencial para conseguir a Compostela. NORABOA!!!!